


## CHAMAMENTO A TODA A POBOACIÓN

Ante a máis miserable falta de escrúpulos dalgunhas persoas que someten a outras aos seus necios antollos mediante a autoridade como non podería ser doutro xeito, e máis cando estas persoas teñen poder, neste caso o pder xudicial e o poder carcelario. Ante as atrocidades que están a ocorrer consideramos: que a conducta máis digna, fermosa e satisfactoria posible é opoñernos conscientemente facendo valer a nosa opinión e que ademais esta é o único xeito de combater a proliferación de necios na sociedade que traen a suba do autoritarismo que é a base de toda inequidade. Por ti e polo resto, ¡toma conciencia e actual!



Tenemos a la venta en el local del sindicato por 10€ ejemplares de este libro cuyo importe será destinado íntegramente a la defensa jurídica de Gabriel.

**También hay una C/C que facilitamos desde el sindicato a nombre de su compañera Elisa en la que se pueden hacer aportaciones**

**GABRIEL POMBO DA SILVA**

**UNHA VINGANZA DO ESTADO**



**ESIXIMOS A SÚA LIBERDADE**

**CONCENTRACIÓN**

**SÁBADO 17 OUTUBRO. 17.30H. MUSEO MARCO/ R. PRÍNCIPE**



## COMUNICADO:

**O compañeiro Gabriel Pombo Da Silva** foi arrestado en Portugal o pasado 25 de xaneiro, por mor dunha ODE (Euroorden), emitida polo Xulgado do Penal n.º 2 de Xirona, do que é maxistrada xuíz Mercedes Alcázar Navarro, a cual, en maio do 2016, ordeou ao daquela director do cárcere de Dueñas (Palencia) agochar a orde de liberación inmediata de Gabriel quen, tras tres semanas de “secuestro”, foi finalmente liberado no 16 de xuño, polo que se iniciaron os trámites para denunciála por prevaricación. Que cada quen saque a súa conclusión sobre a obcecación desa maxistrada en proceder mediante unha ODE á persecución europea do compañeiro, pese a que Gabriel fora posto en liberdade en España, dito 16 de xuño de 2016, ao haber cumprido a totalidade da condea. Aclaréase que con posterioridade a esa data, o compañeiro non foi incriminado por delito ningún, polo que non existe ningunha sentenza de condea posterior.

Ese Xulgado do Penal de Xirona e a súa maxistrada xuíz valéronse dunha ODE (procedemento que netrouy en vixencia o 1/1/2004), Decisión Marco dos países membros da UE) co obxectivo de facilitar a entrega do acusado e axilizar a cooperación xudicial entre os mesmos. Entre outras medidas, dispón de prazos burocráticos moi breves, simplifica os trámites xudiciais e suprime o principio de dobre tipificación para unha grande cantidade de delitos, sendo de difícil oposición pola parte do país chamada á entrega do acusado, sempre que se cumpran todos os requisitos (expostos nunha listaxe de 63 tipos de delitos penais) e non se dean as 3 excepcións que permiten opñerse a devandita orde. Así, é de máis difícil impugnación do que fora no seu día a extradición entre países membros da UE.

Trala súa detención en Portugal, a segunda parte do xuízo nese país, que se iniciara o 27/01, en Oporto, tivo lugar, o 26/02, no Tribunal da Relaçãõ de Guimarães (2ª Instancia), que non presentou oposición á ODE emitida en España. Elevatione recurso de apelación ao Tribunal Supremo de Lisboa, que tampouco se opoñeu

- Así, o 13 de maio, Gabriel foi entregado a España e ingresou no Centro Penitenciario de Badaxoz.

- O 11 de xuño, a Audiencia Provincial de Xirona dictou na súa contra unha sentenza de 30 anos de prisión, dos cales, en virtude dese auto, a Gabriel quédanlle por cumprir 16 anos, 2 meses e 7 días.

- A devandita sentenza motivouse na rexelta do “principio de especialidade” en España, que si lle se recoñecera en altas instancias xudiciais, en Alemaña, no 2016: ditando auto de liberación inmediata do penal de Dueñas (palencia), por considerar irregular o encarceramento de Gabriel a máns do estado español.

- A súa defensa Letrada, baseándose no anterior, presentou recurso na Sala 2ª, Sección 4ª, do Tribunal Constitucional (recurso nº4.540/2020)

- Dende o 1 de xullo, Gabriel Pombo permaneceu recluído baixo a réxime **FIES 5**, no:

**Centro Penitenciario de Mansilla de las Mulas, Paraje Villahierro. 24210 Mansilla de las Mulas (León).**

- **Ten o correo intervido, polo que debemos escribirlle por correo certificado, amosando sempre ánimo e apoio moral, sen contidos políticos.**

**POMBO LIBERDADE!!**

**ABAIXO OS MUIROS DAS PRISIÓNS!!**